

**MATÍAS**  
**LÓPEZ**



Un sarriao \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ no século XIX



Sarria

A fonte Ribeira construída no sec. XVIII foi a única fonte de auga potable na vila de Sarria até que se fixo en 1918 a primeira traída desde Maside.



**AS ORIXES. SARRIA 1825**

**Eu, don Matías López e López natural de Sarria Provincia de Lugo, bispado de idem (...), fillo lexítimo e de lexítimo matrimonio de D. Francisco de igual natureza e de dona Dominga López, que o foi de San Salvador da Pinza, no devandito bispado de Lugo, fun bautizado polo párroco de Santa Mariña o 18 de maio de 1825. O certificado de bautismo di que nacín un día antes pero nos meus papeis persoais sempre sinalaron que o fixen o 24 de febreiro de 1826. Sempre me quedou a dúbida.**

Os meus avós maternos foron Rosa López, casada posteriormente con Lázaro López, veciños que foron de Salvador de Pinza; os paternos foron José López Moreno (familia Moreno) e Juana Ribas, veciños de Santa Mariña. A miña nai faleceu en setembro de 1844, e o meu pai tamén en setembro pero de 1873.

Aínda que os meus pais tiveron oito fillos, só catro deles alcanzamos a madurez: os seus nomes, Manuela, Juana, Fernando, e eu, Matías. Non podo esquecer que **con gran traballo criaron os meus pais os varios irmáns que daquel honrado matrimonio fomos.**

O noso ámbito de xogos foron sempre: a contorna da igrexa de Santa Mariña, a rúa Ferradores posteriormente rúa Maior, a fonte Ribeira, a escalinata da fonte e os paseos pola frondosa veiga sarriá, sen esquecer o vello mosteiro de Santa María Magdalena. Daquela aprendín a ler xunto con algo de latín na escola de primeiras letras.

**O meu bo pai non sabía ler nin escribir; o propio sucedíalle á miña nai. Aquel non demostraba interese por que fora á escola e si me dedicase ás faenas do campo e da casa. Á miña boa e intelixente nai sucedíalle o contrario: sempre que podía, e ás costas do meu pai, enviábame á escola.**

Recordo con moito agrarimo todas as festas populares de Sarria, pero dun modo especial as dedicadas ao Santo Cristo en Farbán, que pechaban o ciclo festivo do verán. Gustábame o repenique de campás, a multitude de foguetes voadores e grandes bombas de palenque que nos anunciaban as vésperas das festas. Gozaba cos músicos percorrendo as rúas tocando a Alborada, e sobre todo a verbena iluminada profusamente á veneciana da Alameda e da praza do Mercado. Enorme interese me provocaba o xigantesco Mongolfier que elevaba polo aire a Mr. Mannequin.

Escalinata da fonte,  
onde xogaba Matías  
López de pequeno.

Arquivo Histórico  
Provincial de Lugo





## 1839. DE XASTRE EN MANÁN A MADRID

Mostra dun chocolate artesanal similar ao que comercializaba Matías López.

“Nunca tiven dúbidas de que as pastillas de chocolate debían levar as iniciais M. L.”

**Apenas sabía ler nin escribir cando me dedicaron ao oficio de xastre cun mestre que había en Manán. Estiven na aprendizaxe 11 meses sufrindo as penalidades que só os poucos anos puideron resistir. Tiña entón 14 anos e tentaba cumprir os desexos dos meus pais, a pesar de que o oficio non me gustaba demasiado.**

Eramos unha familia de **humilde posición**, cuxas rendas non aseguraban a nosa subsistencia, polo que se impoñía a emigración dalgúns dos seus membros. Tiña nove anos cando a miña irmá Juana casou con Francisco López, veciño de Santalla de Arxemil, e ambos se trasladaron a vivir a Madrid. Algúns anos despois, o meu irmán Fernando tamén saíu de Sarria con dirección á capital de España, onde alcanza o grao de **sarxento no rexemento de Luchana**. Quedabamos no noso lugar de nacemento a miña irmá Manuela e eu mesmo.

**Pouco despois de cumprir os 15 chamoume a Madrid o meu irmán Fernando. Vin a Madrid cun arrieiro a medio porte, é dicir, metade de camiño a pé e metade subido nun mulo, pois entre dous viña alugado. Saquei da miña vila 56 reais que reunín de varios donativos; gastei no camiño 28 reais en doce días que durou a xornada.**

A miña irmá Manuela quedou á fronte da nosa facenda en Sarria. Casou con José Vázquez Mourelo, carpinteiro, natural de San Pedro de Froián, e cando faleceu a miña nai, en setembro de 1844, boa parte das rendas familiares gastáronse nos seus funerais e enterro ao que asistiron oito curas. A miña familia directa en Sarria quedou reducida ao meu pai, a miña irmá e o meu cuñado.

Xa en Madrid, **hospedoume o meu irmán na casa duns paisanos que ocupaban o piso alto dunha casa na rúa Toledo. Alí encomendáronme a reforma dun pantalón de dobras, que o desfíxen e o puxen de moda, valeume 4 pesetas. Foi o primeiro diñeiro que gañei no oficio. Ao cabo de quince días colocáronme nun taller de xastrería na rúa da Abada; entrei e déronme a desfacer unha levita. Había catro ou seis novos xastres; pedín as “tixeiras” e foi tal a risa que lles produciu a aqueles raparigos a frase que dixeran en galego, e feriron de tal modo o meu amor propio, que saín ao mediodía resolto a non volver, como así sucedeu. Aquelas risas acabaron coa miña carreira de xastre e abandonei para sempre a agulla, o fío e as tesoiras.**

## AS GRANDES DIFICULDADES



Gravado publicitario de época. Unha vendedora de pastillas e bombóns Matías López na estación de *El Escorial*

Acabada a miña experiencia como xastre e residindo no piso do meu coterraneo, **pedinlles aos meus irmáns ser colocado no comercio e entrei nunha tenda de comestibles na rúa Desengano**. Tiña entón 16 anos. Ao ano escaso pasei a outra tenda de ultramarinos, **rúa de Fuencarral número 7, onde permanecín como ano e medio**.

O meu primeiro contacto co produto que despois me fixo rico e famoso, produciuse cando **pasei á fábrica de chocolate de D. Francisco Javier Arnavi, na rúa de Fuencarral esquina á de Infantas**. Aos seis meses déronme xa o encargo dunha caixa subalterna. Tomei un profesor de escritura e partida dobre, e foi tal a estima que merecín dos meus principais, que me confiaron aos dous anos o importante cargo de caixeiro principal e pouco

## **menos que encargado daquel movemento industrial.**

Estes anos (entre os meus 18-24), foron extraordinariamente fecundos. Comprendín a importancia que supoñía o dominio da lectura e da escritura correcta en castelán, o valor da contabilidade no negocio comercial, a transcendencia do bo trato co cliente. Nunha palabra, aprendín os rudimentos da profesión de comerciante.

Non acompañaban a miña formación profesional as rendas económicas, pois o salario que percibía do señor Arnaví non era demasiado para un mozo de 25 anos. Por iso, **no ano mil oitocentos cincuenta, por un acto de delicadeza, saín da casa co propósito de buscar outra, pois os meus aforros non eran máis de 6.000 reais (María Teresa, estas son as mil cincocentas pesetas!).**

Coa devandita cantidade pouco podía facer. Era necesario obter axuda. **Recibina dun amigo que me facilitou 18.000 reais a réditos, e tomei o traspaso dunha tenda na rúa Jacometrezo, esquina á dos Leóns. Dei 12.000 de traspaso, arranxeina gastando dous ou tres mil máis, e empecei a traballar.**

Os dous anos que estiven á fronte do negocio en Jacometrezo foron quizá os máis duros da miña vida; **eramos tres, dous dependentes e a miña persoa. O gasto diario non pasaba de 7 a 8 reais diarios para os tres. Observando unha vida exemplar de laboriosidade e economía (...) puideron reunir 24.000 reais cos que paguei o préstamo, e continuei co meu crédito e as ganancias restantes.** Na miña estancia en Jacometrezo aprendín o oficio de chocolateiro, e o sumamente importante que para os negocios era o crédito outorgado polo público aos teus produtos e á túa persoa.



## 1852. INNOVACIÓN E MÁRKETING

Matías López foi un adiantado ao seu tempo e foi o precursor do márketing comercial.

O ano 1852, tomei en traspaso para pagar nun ano un muíño de chocolate, movido por cabalerías, sito na rúa Tudescos 32. As vendas que aí se facían eran ruinosas, pois non se vendían ao mes máis de oitenta a cen reais. Empecei a traballar, a mellorar e a anunciar.

Recordo con moito agarimo e entusiasmo o meu primeiro anuncio no diario La Esperanza, nos primeiros meses do ano 1858, que dicía así: **Aviso interesante**. A tenda de chocolate, sedas e comestibles de Matías López, situada na rúa Jacometrezo, 42, trasladouse a Tudescos, 32, muíño de chocolate do mesmo dono, excepto a parte de sedería e legumes que se despachan na



tenda do número 43 da mesma rúa. O ver o meu nome escrito nos xornais formuloume desde entón a importancia de difundir debidamente o meu produto.

**En breve alcancei a elevalas ata mil reais diarios. Empecei a pensar en fornecer e expender a tendas, e pensei facerme repartidor do gremio, e despois síndico, todo co fin de dar-me a coñecer e facer relacións entre os ultramarinos.** Os máis próximos a min, e tamén prensa (*La Dinastía*-1891), lembrábanme como eu mesmo e os meus amigos iamos ás tendas en que nos constaba que non tiñan o chocolate de Matías López a comprar libras ou medias libras, ata que o comerciante caía na conta e facía un pedido ante a demanda do público.

Era unha época na que soñaba co porvir. **Vía moitas noites en soños o que máis tarde vin realizado. Non descansaba en facer innovacións, en buscar medios de chamar a atención, e na forma de presentar os obxectos xa no xénero.** Nunca tiven dúbidas de que as pastillas de chocolate debían levar as iniciais M. L., nin que as fundas incorporasen a miña imaxe e o meu nome, xa que a denominación de Matías López parecíame tremendamente sonora e fácil de lembrar entre os meus futuros clientes.

**Así continúei ata** que o día 6 de febreiro de **1853 en que tomei estado**, ao contraer matrimonio con Andrea Andrés Sánchez, filla de Juliana Sánchez, natural de Madrid e de Felipe Santiago Andrés, natural de Quintanar de la Sierra, alcumado pola súa orixe, o burgalés, zapateiro de oficio e cunha grande influencia no barrio do Desengano, onde vivía.

**Paguei as miñas débedas cos aforros que ía realizando, grazas ao crédito que ía adquirindo e no ano 1858 estaba en condicións de facer unha viaxe a Francia cos meus colegas, D. Marcelo Fernández e D. Domingo Algeró. Vimos fábricas e encantábanos ver o vapor como motor daqueles aparellos e cilindros para nós descoñecidos no seu manexo e práctica.**



Fig. 1.

## E CHEGARON OS ÉXITOS

Matías López foi pioneiro na introdución da maquinaria movida a vapor para fabricar chocolate, con isto multiplicou a súa capacidade produtiva. No gravado, unha mesturadora e un muiño de cilindros.




Fig. 2.

Para comezar a introducir as novas técnicas **decidímonos a comprar cada un un mesturador de cilindro e unha máquina de extraer o zinc. Recibímolos, e eu, en canto estiveron no meu poder, monteinas e púxenas en movemento por medio de cabalerías; destruín o antigo sistema para verme obrigado a adoptar o novo, que con mil traballos e dificultades fixen funcionar. Pero os meus colegas non tiveron constancia nin fe, e abandonaron os novos aparellos e continuaron cos vellos.** Daquela experiencia extraín unha conclusión importantísima: nunha sociedade de mercado baseada na libre competencia, unicamente sobrevivirían aqueles que adaptasen o seu sistema

produtivo ás novas tecnoloxías. Na utilización masiva da maquinaria estaba o futuro da miña industria.

## E CHEGARON OS ÉXITOS

De acordo cos meus obxectivos, **en 1862 e fatigado polo caseiro da rúa Tudescos con subidas de alugueiro, resolvín tomar casa propia e comprei a do 31 - 1 da rúa da Palma, casa vella e pequena. Fixen nelas reformas, levanteina un piso, que case a fixen nova, que me custou uns 9.000 reais. Entón todo o meu capital eran uns 14.000 duros.**

Era o momento de dar o salto adiante e converterme nun gran fabricante de chocolate, por iso, antes de terminar o que sería a miña casa e a miña pequena fábrica **pensei en poñer vapor e funme a París. Visitei fábricas**, entre elas a que Emile-Justin Menier dirixía en Noisiel, e quedei asombrado tanto do seu sistema produtivo, como da súa forma de elaborar o produto e o que estimei máis importante, o desenvolvemento tecnolóxico alcanzado por aquela casa. Desde entón comprendín que construír unha grande empresa requiría darlles unha resposta científica e racional aos problemas que a fabricación de chocolate demandaba, e iso soamente era posible realizando un estudo sistemático das características do produto que quería fabricar, como publicitalo, como distribuílo, como facelo imprescindible no mercado madrileño e español.

Decidín actuar paso a paso. Ao primeiro **axustei unha locomóbil da forza de catro cabalos; monteina cos aparellos que tiña e comecei a traballar**, ao que unín a miña participación na **Exposición Universal en Londres do 62** onde obtiven **un premio medalla**, e foi tal o ánimo e valor que me inspirou que **empecei a anunciar ao grande.**



## A EXPOSIÓN UNIVERSAL DE LONDRES 1862

Exterior e interior do principal despacho de produtos Matías López na rúa Montera 25, no centro de Madrid, onde vendía, doces, chocolates, bombons, caramelos...

Fixen publicidade na prensa do meu premio, chameille **MEDALLA DE HONRA**, o que provocou que o meu gran rival na produción de chocolate, a **Compañía Colonial me establecese preito polo bombo que eu lle daba ao meu premio (os industriais da competencia negaban que obtivese a devandita medalla). Sostívono nos tribunais e na prensa e, antes do ano, a miña venda era de 1.500 libras.**

A diario nos xornais apareceron os meus anuncios con gran tipografía. Hoxe incluía o meu novo Depósito Central na Porta do Sol e na rúa da Monteira, mañá os novos artigos elaborados na miña fábrica, outro día, ao ser escollido provedor da Casa Real.

En fin, investín boa parte dos meus recursos en divulgar o meu chocolate entre os consumidores madrileños.

Os anos comprendidos entre 1863 a 1866 dediqueinos a definir con precisión o meu produto. Sabía do culto idolatrado dos españois polo soconusco frailuno, era necesario aproveitar esa demanda, popularizando un produto totalmente novo, cuxo prezo estivese ao alcance de todas as clases sociais cunhas mínimas rendas. Non faltaron duras criticas ao meu obxectivo, entre elas as de Emilia Pardo Bazán, que me acusaba de ser *un dos maiores culpables de conseguir desterrar o chocolate a brazo e implantar unha mestura á francesa, feita a máquina.*

Dona Emilia non gustaba do chocolate Matías López que incorporaba a pesar da súa desconfianza, os mellores cacaos do mercado e que fuxía da fariña, pero que inevitablemente recorría á máquina, porque o chocolate a brazo estaba destinado á súa desaparición, nun ámbito de competencia extrema onde os pequenos muíños dada a carestía dos seus custos estaban abocados á súa desaparición.






**MÁIS VENDAS,  
MÁIS MAQUINARIA**

Tiven que traer máis aparellos, e ao pouco tempo outra máquina horizontal, de 15 cv, con outra caldeira que situei na casa n.º 32, 2, que así mesmo comprei. Traballaba día e noite a maior parte dos días da semana. As vendas foron aumentando. Todo canto fabricaba vendíase, pero o meu desvelo era cada día maior. Cantas noites me deitaba á unha ou ás dúas da noite! Era preciso, pois, alargar os medios de fabricación.

No ano 1866 tiven ocasión de comprar as casas vellas da mesma rúa da Palma Alta, n.º 8 e Velarde 5, onde existía unha fábrica de buxías. Derrubeina e edifiquei este para entón basto edificio de 20.000 pés de extensión. Comprei outra máquina de vapor de maior potencia e cheguei a fabricar máis de 6.000 libras por día.

Mostra do considerado primeiro cartel publicitario de España.

## 1871. MATÍAS LÓPEZ, PRECURSOR DO MÁRQUETING PUBLICITARIO



Producía un chocolate de calidade media-alta, fabricado mecanicamente e tremendamente competitivo con outras marcas. Agora ben, se quería incrementar a miña cota de mercado debía producir máis que os meus competidores e a prezos máis baixos. O reto era popularizar o meu chocolate.

Nun país onde máis do 50 % da poboación era analfabeta, de pouco servía facer publicidade nos xornais; debía atopar un medio de expresión que puidese ser comprendido facilmente por todo o mundo. A opción máis sinxela que atopei foi “debuxar un texto” sobre un cartón grosa no que estivese plenamente representado o produto que fabricaba.

O ano 1871, entrei en contacto co ilustrador e caricaturista Francisco Ortego e Vereda, ao que lle encomendei facer un debuxo que servise para anunciar o meu produto. Ortego deseñou un cartel, o primeiro que se coñece na historia do cartelismo español, no que mostra dúas parellas home-muller. A da esquerda, delgada, e a da dereita moi gorda pero vestidas de igual maneira (co que daba a entender que era a mesma parella), colocando encima das súas cabezas as lendas respectivas “*Antes de tomar o chocolate de López*” e “*Despois de tomar o chocolate de López*”, e todo iso presidido polo rótulo en grandes letras: CHOCOLATES DE MATÍAS LÓPEZ.

O cartel fixo furor e a xente apropiouse daquela imaxe, denominando as súas figuras co nome de “*os gordos e os fracos*”. Pronto en todas as tendas de ultramarinos madrileñas e dalgunhas provincias de España aparecía o meu cartel, que eu contribuí a difundir, incorporándolle un pequeno calendario de parede anual, de modo que moi pronto o cartel estivo colgado en bo número das cociñas de España. Tentando popularizar o meu produto, creara o primeiro cartel comercial de España.

As instalacións da rúa da Palma mostráronse incapaces de facer fronte á demanda do meu produto. O Concello de Madrid poñía trabas á ampliación do establecemento e foi necesario buscar novas alternativas fabrís. A solución, a Gran Fábrica de Chocolates de Matías López no Escorial.






## 1874. A GRAN FÁBRICA DO ESCORIAL

En 1874 inicié a procura de novos locais. O meu amigo Rafael Casalduero faloume da existencia dunha fábrica azucreira refinadora no Escorial, a escasos metros da estación a cuxos almacéns se podía acceder directamente. Ano e medio despois, a fábrica estaba en funcionamento, coa máis moderna maquinaria existente e con técnicos chegados desde Inglaterra. Cinco anos despois de adquirir e reformar a fábrica, poñía e vendía no mercado 16 000 libras de chocolate ao día.

Posta en marcha a fábrica, na súa contorna adquirín un total de 40.000 metros cadrados, onde construí, en primeiro lugar, un belo xardín que daba acollida ao meu **templo da industria**, o que enchín de fontes, xardíns con céspede e flores e sinxelas construcións, dándolle a todo iso un sofisticado ambiente neocolonial. Pretendía converter a grandiosa foresta, que aínda se conservaba da época de Felipe II, nun lugar onde parecía crecer o cacao, a canela e a cana de azucre, elementos



500 empregados con vivenda na cidade xardín ao redor da fábrica, con seguro de enfermidade. Outra gran innovación para a época.

imprescindibles para a miña industria; en segundo lugar, un edificio para o meu servizo persoal; en terceiro lugar, casas dignas para os meus obreiros co seu pequeno xardín; en cuarto lugar, unha escola para os nenos e outra para as nenas, coa súa biblioteca e o seu ximnasio; e por último, a casa da sociedade cooperativa dos traballadores da fábrica, onde podían adquirir a prezos módicos canto necesitasen.

Non todos os máis de 500 obreiros que empreguei na miña industria tiveron a súa vivenda na cidade xardín que creei ao redor da miña fábrica, pero todos eles puideron gozar do seguro de enfermidade e da Sociedade de Socorros Mutuos con que estiveron protexidos mentres traballaban na miña empresa.

Asegurado o pleno funcionamento da fábrica de chocolate, levei a cabo un proceso de diversificación dos produtos que levaban o meu nome, unha mellora considerable da calidade destes, pensando na súa exportación, sobre todo a Francia e Inglaterra, á vez que facía un cambio revolucionario na imaxe de marca dos chocolates Matías López. Neste ámbito as innovacións foron: primeiro, utilizar a imaxe da fábrica *escorialense*; en segundo lugar: crear carteis publicitarios con trazos característicos das principais rexións españolas; por último, e máis importante: o cartel dos gordos e dos fracos, que desde este momento estaría visible en calquera ámbito publicitario que eu promovese, incorporaba nova tipografía, á vez que engadía unha terceira viñeta, onde se vía a mesma parella, agora nin delgada nin grosa e acompañada do texto: *Os que toman dúas veces ao día chocolates de López.*

Desde a década de 1870 chegaronme todo tipo de recoñecementos: medalla en exposicións universais (Nápoles, Londres, París-1878, Exposición Universal de París-1889 etc.), títulos honoríficos como Cabaleiro da Lexión de Honra Francesa e Gran Cruz de Isabel a Católica, tiven representación en todo tipo de estamentos e asociacións industriais: Consello Consultivo de Aranceis, Cámara de Comercio e Industria, O Círculo da Unión Mercantil, Asociación de Propietarios de Predios Urbanos de Madrid, Asociación de Propietarios de España etc.



## SARRIA NO CORAZÓN

Como vos dicía, deixei a miña vila de nacemento en 1841, e aos tres anos de estar en Madrid faleceu a miña nai. O meu pai quedou ao coidado da miña irmá Manuela e coa miña axuda puideron mellorar a súa situación económica. Como fixera a miña familia, dous dos fillos da miña irmá, Venancio e Francisco, emigraran a Madrid, mentres o terceiro quedaba en Sarria á espera de ver como lles ía economicamente aos que se foron.

Un sarriao coma min (Antonio López Vázquez), facilitoume os 18.000 reais que me permitiron abrimme paso na industria. Aquel xesto nunca o esquecín, e en canto puideren fixen o propio co meu sobriño Venancio, competidor, amigo e correlixionario. Outro coterráneo, **o meu sobriño carnal, D. Francisco López e López, fillo da miña defunta irmá, dona Juana**, permaneceu á fronte da miña fábrica do Escorial tras o falecemento dos meus fillos Pablo e Matías. En fin, nunca faltou traballo para un sarriao, ben nas miñas fábricas, ben ao meu servizo directo.

Sempre que unha desgraza afectaba os galegos, encabecei a lista de doadores e as miñas tendas estiveron abertas para recoller as axudas. Xunto co meu bo amigo, o Sr. Becerra, e o meu sobriño, Venancio López, fixemos o primeiro intento de crear o Centro Galego en Madrid, aínda que é ao último dos citados a quen corresponde a honra da súa definitiva creación, uns anos máis tarde.

Desexando poder axudar os meus coterráneos fun deputado electo pola miña vila na segunda lexislatura do ano 1872, baixo as siglas do partido radical de Ruíz Zorrilla. O ano 1877 fun elixido deputado e senador por Sarria, co que debín renunciar á acta do senado. Na lexislatura de 1883-1884 fun nomeado senador vitalicio polo rei Alfonso XII. Independentemente de ideoloxías (e eu fun un amante de Galicia integrado no Estado Español), alí onde se podía obter o máis mínimo beneficio económico para Sarria, estaba a miña forza e o meu voto.

Fun home de gustos modestos e de sinxela conduta, e sempre lembrei, aínda estando en Madrid, as festas populares da miña terra, en especial San Froilán (patrón de Lugo), Santiago Apóstolo e a celebración do Magosto, rodeado sempre de amigos galegos de toda condición que conxuntamente estrañabamos a nosa terra. Foron sempre momentos felices: a volta a Sarria a pasar as vacacións de verán, a chegada á estación, a acollida dispensada polos meus conveciños, o abrazo aos amigos. Nunha palabra, a felicidade do reencontro.

No centro de Sarria, en honra á miña esposa e sobre 1883, mandei construír Vila Andrea, algo máis que a miña casa de vacacións, xa que durante as miñas estancias naquel lugar, foi centro de reunións políticas, actos festivos e de acollida de todos os meus parentes e conveciños. Vila Andrea constituíu o vínculo invisible co que boa parte dos meus descendentes, aprenderon amar a miña vila, coa forza e intensidade que eu o fixen.



## O LEGADO DE MATÍAS LÓPEZ

En marzo de 1890, cando estaba a redactar esta autobiografía, escribín:

**En virtude do agarimo que lle profesó á vila que me viu nacer, vila de Sarria na Provincia de Lugo, e considerando as malas**

**condicións que hoxe ten a escola pública, que carece de local para as nenas, atendendo á importancia e utilidade da instrución do home, a necesidade de que os nenos e as nenas teñan locais ventilados e desafogados é a miña vontade consignar e destinar como consigno e destino da parte libre dos meus bens de que podo dispoñer a suma de cento dez mil pesetas; cen mil para a construción dun edificio para escola pública de nenos e de nenas do partido municipal que a elas concorran, e as dez mil restantes para o material destas, bancos e canto é anexo e necesario para as escolas.**

**Impuxen varias condicións para facer realidade o meu legado: a segunda, que o lugar que ten que ocupar a escola, ou sexa do edificio que é o meu desexo que se constrúa ten que ser na liña que ocupa a rúa que leva o nome do Porvir que parte**

Edificio da Escola Pública  
construída por Matías  
López que hoxe alberga  
a biblioteca municipal  
de Sarria



**do arrabalde pola estrada que vai a Portomarín máis ben cara abaixo que cara arriba con obxecto de que sexa punto intermedio para os nenos de arriba como para os de abaixo; a quinta, será nula esta doazón, se non se cumpre exactamente con todo o estipulado na condición segunda.**

A dona Emilia, que como vos dixen non lle gustaba o meu chocolate, deixou gravado no fonógrafo do meu fillo político, José Oñate, toda unha serie de encomios cara ás novas escolas comparándoas coas vellas. Decía: O que deletreou na primeira, custeou a segunda para ben da vila e como símbolo do que poden o traballo e a industria. Na primeira, vese o domine armado de palmeta e disciplinas; na outra, o mestre moderno que ensina persuadindo e entretendo o neno.

Deus llo pague!

---

Os **textos en negra** son notas autobiográficas da propia man de Matías López. Algunhas citas son cedidas xentilmente por D. Matías Oñate, outras proceden de documentos asinados polo biografiado.

© www.ouvirmos.com | © dos textos: Gregorio Sánchez Meco

© das fotografías: os lexítimos propietarios

## A VIDA DE MATÍAS LÓPEZ

**1826** | Nos seus papeis persoais sempre se sinala o 24 de febreiro de 1826, mais a acta bautismal di que naceu o 14 de maio de 1825.

**1840** | Entra como aprendiz de xastre en Manán con 14 anos.

**1841** | Emigra a Madrid andando durante 12 días, onde traballa como xastre pouco tempo.

**1842** | Con 16 anos entra a traballar nunha tenda de comestibles.

**1844** | Emprégase nunha fábrica de chocolate, onde chega a ser caixeiro principal. Aprende os principios da profesión de comerciante.

**1850** | Con 24 anos e cun crédito recibido dun amigo, colle o traspaso dunha tenda e aprende o oficio de chocolateiro.

**1852** | Múdase de local a un muíño de chocolate movido a cabalo. Ante as vendas ruinosas comeza a anunciarse e a mellorar.

**1853** | Casa con Andrea Andrés Sánchez.

**1858** | Publica seu primeiro anuncio no xornal: Tenda de chocolates, sedas e comestibles Matías López. Viaxa a Francia para ver fábricas de chocolate con máquinas movidas ao vapor.

**1862** | Compra un edificio no centro de Madrid. Viaxa a París, onde compra maquinaria a vapor e participa na Exposición Universal de Londres, onde obtén un premio medalla.

**1863** | Dedícase a definir o seu produto e a popularizar o chocolate en todas as clases sociais. Comeza o chocolate feito a máquina, antes era feito a brazo.

**1866** | Amplía o edificio que era fábrica en Madrid, compra outra máquina ao vapor e aumenta a produción.

**1871** | Crea o primeiro cartel publicitario en España. “Antes de tomar o Chocolate de López, despois de tomar o chocolate de López”.

**1872** | Elexido Deputado por Sarria.

**1874** | Compra e reforma unha fábrica azucreira no Escorial. Un templo da industria chocolateira con xardíns, casas para os traballadores, escolas, biblioteca, ximnasio, etc. Tiña máis de 500 empregados con seguro social e de enfermidade propios.

**1876** | Deputado e senador por Sarria.

**1883** | Constrúe Vila Andrea en Sarria.

**1890** | Manda construír as Escolas Públicas, hoxe biblioteca e salón de actos na súa vila natal.

**1891** | Falece o 18 de xuño aos 65 anos de idade en Madrid.

